COLEXIO CALASANZ PP. ESCOLAPIOS A CORUÑA

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

eduqatia ISO 9001 642/17

PLAN LINGÜÍSTICO DE CENTRO (ADDENDA)

ELABORACIÓN:	REVISIÓN:	APROBACIÓN:
GRUPO DE TRABALLO DE LINGUAS	EDE	CONSELLO ESCOLAR
Data: Setembro 2026	Data: Setembro 2026	Data:

Este documento é propiedade do COLEXIO CALASANZ, quen se reserva o dereito a solicitar a súa devolución cando así o estime oportuno. Non se permite facer copia parcial ou total do mesmo,así como ensinalo a empresas ou particulares sen a expresa autorización por escrito do Centro.

ÍNDICE

1. Introdución e contextualización 3

2.Obxectivos lingüísticos..... 5

3.Plan de acción..... 5

4.Integración curricular..... 6

5.Seguimento e avaliación 6

6.Anexos:

-ANEXO I – Análise da situación sociolingüística do centro
-ANEXO II – Actividades normalizadoras do EDLG
-ANEXO III – Curriculum integrado das linguas
-ANEXO IV – Fomento da Lectura en EP e ESO
-ANEXO V – Distribución horaria das materias en Lingua Galega
-ANEXO VI – Programa BEDA

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O centro educativo privado concertado Colexio Calasanz – PP. Escolapios está situado na cidade da Coruña, Estrada dos Fortes nº10, no ángulo N-NO da cidade, na zona de San Pedro de Visma, colindante co barrio de Los Rosales, e está inscrito no regulamento de centros da Administración co número 15004010. O centro está acollido ao réxime de concertos, regulamentado no título IV da Lei Orgánica do Dereito á Educación, no Regulamento de Normas Básicas sobre concertos educativos aprobados polo Real Decreto 2377/1985 de decembro e as normas que o desenvolven. Observa, ademais, a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Caracterízase por presentar no mesmo espazo físico as catro etapas educativas: Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato. O feito de poder realizar todo o traxecto educativo no mesmo centro facilita a realización dunha planificación lingüística efectiva, detectar as dificultades e adoptar as medidas correctoras que se precisen.

O centro está situado nun ámbito urbano, o que lle outorga ao alumnado un perfil uniforme, que se ve reforzado tamén pola súa procedencia social, con gran predominio de familias de clase media e media-alta. Son familias que nunha alta porcentaxe, e seguindo a caracterización sociolingüística da sociedade nas últimas décadas, teñen o castelán como lingua familiar. É de salientar o feito de que nalgúns sectores sociais do alumnado continúan existindo algúns prexuízos ou actitudes negativas no proceso normalizador da lingua galega, polo que o traballo planificador se conduce nesa dirección, tanto coas familias como co alumnado.

A diversidade lingüística é un elemento diferenciador na identidade cultural galega. No noso centro recoñecemos a importancia das dúas linguas oficiais da comunidade: o galego e o castelán. Esta cooficialidade é un trazo distintivo que brinda ao alumnado a oportunidade de ser bilingües e competentes en ambas linguas. O seu coñecemento nun mundo globalizado é clave na formación do noso alumnado permitíndolle desenvolver as habilidades comunicativas necesarias para afrontar con éxito o seu futuro.

Este Plan Lingüístico de centro busca poñer en valor a importancia desa diversidade lingüística, promover o bilingüismo e mellorar as capacidades lingüísticas do noso alumnado eliminando prexuízos. É para todos nós un desafío e unha responsabilidade acadar nos nosos alumnos e alumnas un pleno dominio de ambas linguas, educándoos ademais no respecto, na eliminación de prexuízos e na posta en valor da riqueza que supón esta diversidade lingüística en Galicia.

Na etapa de Educación Infantil pregúntase en cada curso pola lingua materna do alumnado matriculado en 4º, dato que se recolle a continuación:

- 83% do alumnado ten como lingua materna o castelán.
- 14% do alumnado ten como lingua materna o galego.
- 3% do alumnado ten como lingua materna outras linguas (inglés e ucraíno).

Esta diversidade lingüística e cultural vese enriquecida a través da aprendizaxe de linguas estranxeiras dende Educación Infantil ata 2º de Bacharelato. En Educación Infantil o alumnado traballa a oralidade en castelán, galego e inglés, ao igual que en Educación Primaria onde, ademais do Inglés curricular, impártenselles tendo ese idioma como lingua vehicular as materias de E. Física (1º e 6º) e Música (3º, 4º, 5º e 6º) (seccións bilingües).

Neste curso 2026/2027 asígnanse horas de libre disposición para tres materias lingüísticas, distribuídas da seguinte maneira:

- 1ºESO: 1 hora máis para Lingua Galega e Lengua Castellana.
- 2ºESO: 1 hora máis para Inglés.

Na ESO, a exposición ás linguas estranxeiras aumenta coa opción de estudar unha segunda lingua estranxeira (Francés) dende 1ºESO a 2º de Bacharelato. E, para aqueles alumnos e alumnas que opten por un itinerario humanístico, ofertarase a materia de Latín en 4ºESO e Bacharelato, que servirá como lingua de referencia para o proceso de ensinanza-aprendizaxe das linguas románicas impartidas no centro (galego, castelán e francés).

Para un mellor coñecemento da realidade sociolingüística do noso centro, no *ANEXO I* amósanse os datos obtidos das enquisas elaboradas a todos os membros da

comunidade educativa a finais do curso 2022/2023 e unha reflexión sobre os seus resultados.

2. OBXECTIVOS LINGÜÍSTICOS

- Promover e desenvolver no noso alumnado a competencia en castelán, galego, inglés, francés e latín (esta última só no itinerario humanístico).
- Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión, tanto oral coma escrita, nas diferentes linguas.
- Normalizar o uso da lingua galega a través de distintas medidas. (Véxase *ANEXO II – ACTIVIDADES NORMALIZADORAS DO EDLG*)
- Valorar a riqueza que supón a diversidade cultural e lingüística.

3. PLAN DE ACCIÓN

- Unificar criterios metodolóxicos que poñan en valor a importancia de actividades que fomenten a expresión oral e escrita en todas as linguas. (Véxase *ANEXO III – CURRICULUM INTEGRADO DAS LINGUAS*)
- Elaborar unha táboa común en cada Seminario de contidos estruturados para garantir e graduar a exposición do alumnado a aqueles que consideramos esenciais dentro da súa formación lingüística e literaria.
- Elaborar un plan de fomento da lectura que garanta en todas as materias un tempo de lectura e a práctica da expresión oral. (Véxase *ANEXO IV – PLAN ESPECÍFICO DE FOMENTO DA LECTURA EN EP E ESO*)
- Crear en cada aula unha biblioteca a disposición do alumnado para fomentar a lectura nas diversas linguas.
- Promover o uso dos dicionarios para aumentar o léxico do alumnado, así como o emprego de metodoloxías activas (traballo cooperativo, aprendizaxe baseada en proxectos e problemas, rutinas e destrezas de aprendizaxe, gamificación,

clase invertida, etc.).

- Promover a visita ao centro de autores, proporcionando experiencias significativas para o noso alumnado.
- Potenciar a participación do alumnado en actividades que contribúan á mellora da súa competencia comunicativa nas diferentes linguas do centro (concursos, representacións teatrais, debates, xogos, saídas, etc.).
- Potenciar a participación do alumnado en actividades de intercambio no estranxeiro e a súa participación en bolsas de estudo e proxectos no estranxeiro.
- Normalizar o uso da lingua galega a través de accións dirixidas a familias, alumnado e profesorado. (Véxase *ANEXO II – ACTIVIDADES NORMALIZADORAS DO EDLG*)

4. INTEGRACIÓN CURRICULAR

- Garantir a ensinanza nas dúas linguas oficiais, segundo a normativa vixente (Decreto 79/2010 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia). (Véxase *ANEXO V – DISTRIBUCIÓN HORARIA DE MATERIAS EN LINGUA GALEGA*)
- Promover a adquisición das competencias en inglés, francés e latín (esta última só no itinerario humanístico). (No caso do inglés, véxase *ANEXO VI – PROGRAMA BEDA*)
- Acordar de maneira semellante criterios metodolóxicos básicos, terminoloxía e tratamento dos contidos e criterios de avaliación nas diferentes linguas, que serán supervisados polos distintos seminarios.
- Fomentar proxectos interdisciplinares que integren as catro ou cinco linguas.

5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

- Garantir sempre a avaliación, tanto da comprensión como da expresión oral e escrita, do alumnado nas súas habilidades lingüísticas, realizando os axustes

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

precisos.

- Realizar un seguimento nos resultados obtidos nas probas de certificación nos diferentes idiomas (CELGA, CAMBRIDGE, DELF, etc.).

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

ANEXO I
ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

ALUMNADO

EDUCACIÓN INFANTIL

Desta etapa temos información de 3 das clases. Nelas, practicamente todo o alumnado ten o castelán como lingua de instalación. A porcentaxe do alumnado que se dirixe ao profesorado ou que responde en galego cando se lle fala nesa lingua non chega ao 25% (seguramente estea moi por debaixo). Aínda así, o nivel de comprensión non é tan baixo, está por enriba do 50%. Por último, parece que o alumnado prefire maioritariamente ferramentas informáticas que estean en castelán.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Agás o 10%, todo o alumnado aprendeu a falar en castelán, cos seus pais case ninguén fala en galego, pero cos seus avós ou persoas maiores da familia, ata un 25% del fala en galego. Aquí vese claramente a perda da transmisión xeracional que seguramente afondará aínda máis cando desapareza esa xeración de persoas máis maiores.

Os datos son terribles cando se pregunta pola lingua na que falan cos amigos, cos compañeiros, co profesorado ou con persoas a quen non coñecen: neses casos a lingua galega está practicamente desaparecida. Non moito, pero algo sobe a porcentaxe cando se lles pregunta en que lingua len habitualmente e, sorprendentemente, case a terceira parte di que lle gustaría que as clases se impartisen en galego.

ESO

Practicamente todo o alumnado aprendeu a falar en castelán, e case as dúas terceiras partes aprenderon a falar galego na escola, non na familia, como pasaba nas xeracións anteriores. Aquí detéctase xa a perda de transmisión xeracional.

Este alumnado apenas fala galego na familia, no colexio ou cos amigos, e moitísimo menos cando se dirixen a alguén a quen non coñecen. Pola contra, cando van á aldea (no caso de tela), o galego pasa a ser a lingua máis falada. Os maiores da familia falan entre eles en galego con frecuencia, pero cando se dirixen a eles algúns cambian ao castelán, pero a diminución non é grande. De novo, temos a sensación de que está despedíndose unha das últimas xeracións que usaban a lingua galega maioritariamente.

En xeral, o nivel de dominio da lingua galega que din ter nos seus diferentes rexistros non é moi baixo, pero aínda así prefiren que os seus pais falen con eles en castelán, e claramente o contorno favorece esa tendencia.

Un aspecto importante é que a metade das persoas preguntadas din que toman apuntamentos, estudan e falan co profesorado na lingua que este empregue, feito que pon de relevancia a importancia de que o profesorado se conciencie do exemplo que espalla na súa elección lingüística.

Este alumnado manifesta que en actividades académicas, como ler os libros de texto, consultar información en Internet, ou outras non académicas, teñen unha clara

preferencia polo castelán, e por iso prefiren que as clases se impartan nesa lingua, porque ademais senten moita máis seguridade usándoa.

Como habitualmente, cren que o número de horas de clase en galego é axeitado, parécelles ben que se persiga a competencia similar nas dúas linguas, e a maioría cren que se está conseguindo. Iso si, máis da terceira parte non cren que sexa útil usar a lingua galega.

En canto ao inglés, hai unha gran igualdade nas diferentes respostas posibles ao nivel que cren ter nesa lingua. Din sentirse razoablemente bos no aspecto oral (tanto produción como comprensión), pero algo máis frouxos na lectura e na escrita. Só unha cuarta parte se presentou a exames oficiais e os certificados máis habituais son B1 e B2. En canto aos auxiliares de conversa, de novo hai unha grande igualdade en todas as respostas posibles ante as preguntas sobre a adecuación das súas actividades e se senten mellorar as súas habilidades.

BACHARELATO

Case todos os alumnos aprenderon a falar en castelán, pero ademais de aprender na escola, hai unha parte non desprezable que tamén aprendeu na familia.

Coa familia, cos amigos, no colexio e, como sempre, moito máis se se dirixen a alguén que non coñecen, o castelán é claramente maioritario. Iso si, se van á aldea o uso do galego crece de forma considerable. Os maiores da súa familia falan entre si en galego con máis frecuencia, pero esa porcentaxe baixa moi lixeiramente cando falan co noso alumnado.

Nesta etapa din ter un nivel de dominio do galego algo máis alto do que dicía o alumnado de Secundaria. Pola contra, nesta etapa xa non lles inflúe tanto á hora de tomar apuntamentos, estudar unha materia ou falar co profesorado a lingua que este utilice, senón que a tendencia ao castelán é maior da que manifestaba o alumnado de Secundaria.

Nas actividades académicas ou non académicas amosan unha clara preferencia polo castelán, e por iso prefiren que as materias se impartan nesa lingua, xa que senten moita máis seguridade nela.

De novo, observamos a certa incoherencia de crer que o número de horas de clase en galego é o axeitado, que lles parece moi ben que se persiga a competencia similar nas dúas linguas oficiais, aínda que nesta etapa semellan ser máis conscientes de que ese obxectivo non se está a cumprir. Por se non chegara con iso, máis da terceira parte deste alumnado cre que ten pouca ou ningunha utilidade.

En canto ao inglés, din ter un nivel bastante bo nesa lingua. Din sentirse razoablemente bos no aspecto oral (tanto produción como comprensión), pero algo máis frouxos na lectura e na escrita. Só unha pequena parte se presentou a exames oficiais e os certificados máis habituais son B1 e B2. En canto aos auxiliares de conversa, xa non hai a grande igualdade en todas as respostas posibles ante as preguntas sobre a adecuación das súas actividades e se senten mellorar as súas habilidades, destacando a resposta “normal” ante as dúas preguntas.

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

PROFESORADO

EDUCACIÓN INFANTIL – EDUCACIÓN PRIMARIA

Consultado o profesorado destas dúas etapas, principalmente de mulleres entre 31 e 50 anos. Só 5 desas persoas aprenderon a falar en galego, e a familia é a principal fonte de coñecemento da nosa lingua.

No seu desempeño profesional e na súa vida persoal o uso do galego é bastante minoritario, aínda que recoñecen ter un bo dominio do mesmo, pero non senten tanta seguridade como no uso do castelán.

Cren maioritariamente que o número de horas de galego no centro é o adecuado, que a nosa lingua é moi útil, que é moi interesante o obxectivo de acadar o mesmo nivel de dominio das dúas linguas ao final da etapa obrigatoria do ensino, pero que este obxectivo non se está conseguindo.

Con respecto ao inglés, as opinións maioritarias son que teñen un nivel de dominio normal ou baixo nos respectivos rexistros, agás no de "produción escrita", na que xa hai máis persoas que din ter "bastante" dominio. O certificado oficial de dominio da lingua inglesa máis común é o B2.

ESO – BACHARELATO

Consultado o profesorado destas dúas etapas, principalmente de mulleres maiores de 40 anos. Só 2 desas persoas aprenderon a falar en galego, pero semella haber un núcleo dunhas 6-7 persoas que utilizan unicamente o galego en todos os ámbitos, tanto profesionais como persoais.

O dominio do galego semella ser alto e esas 6-7 persoas contestan que fan todas as actividades en galego, aínda que ese índice baixa lixeiramente nas comunicacións escritas coas familias ou no idioma das súas lecturas.

Só 1 persoa pensa que o galego non é útil, o número de horas de galego no centro parécelles adecuando a unha boa maioría, parécelles moi ben que o obxectivo sexa acadar un nivel similar ao final da Secundaria, pero moi poucas persoas opinan que se estea conseguindo.

Con respecto ao inglés, as opinións maioritarias son que teñen un nivel de dominio normal ou baixo nos respectivos rexistros, pero as proporcións son maiores que en Infantil e Primaria. E de feito, o certificado oficial do dominio da lingua inglesa nestas etapas é o B1. Polo tanto, semella detectarse que o profesorado de Secundaria e Bacharelato ten menos coñecementos da lingua inglesa que o de Infantil e Primaria.

FAMILIAS

O perfil máis habitual entre as persoas que respostaron á nosa enquisa en nome das familias é o de mulleres de mediana idade (entre 41 e 50 anos) con estudios universitarios. A maior parte destas persoas aprendeu a falar en castelán, e aprendeu o

galego na familia ou na escola, por esa orde.

En canto ao dominio do galego, é bastante alto na comprensión e na lectura, pero xa máis persoas recoñecen un nivel máis baixo na fala e na escrita (cerca do 25-30%).

Nas preguntas relacionadas co uso do galego na parella, cos fillos, na familia, no traballo ou nas relacións sociais, as respostas "só galego" ou "máis galego ca castelán" andan sempre arredor do 10%, o que debe representar un grupo de persoas fiel á lingua galega que a usa en todos os ámbitos, pero claramente minoritaria. De feito, só esa porcentaxe recoñece sentir máis seguridade cando fala ou escribe en galego.

Pola contra, no ámbito rural ou coas persoas maiores da familia, o uso do galego sobe moito máis, pero non nos rapaces, que seguen falándolles en castelán.

Pero as actitudes cara ao galego semellan boas. Non lles importa ás familias que os seus fillos se expresen nunha ou noutra lingua, parécelles ben o número de horas que se imparten en galego no centro, parécelles unha lingua moi útil e parécelles ben que o obxectivo de acadar a mesma competencia nas dúas linguas ao final da etapa obrigatoria do ensino. Pero cren que está a conseguirse esa igualdade, a pesar dos datos anteriormente expostos.

FAMILIAS - INGLÉS

Nas preguntas iniciais sobre nivel xeral en Inglés e dominio en diferentes rexistros, os niveis xerais máis frecuentes son "normal" e "pouco". Nos diferentes rexistros segue esa tendencia, aínda que mellora lixeiramente no apartado de comprensión lectora, onde xa aumenta o número de persoas que di que é "bastante".

O certificado de nivel de Inglés máis habitual é o B2, recoñécese que se usa ese idioma "moi pouco", pero valórase moi positivamente o labor e utilidade dos auxiliares de conversa.

DEPARTAMENTOS (PASTORAL e DAS)

As persoas responsables dos Departamentos de Pastoral por unha banda, e do Departamento de Acción Social pola outra, indican que nos diferentes documentos e comunicacións que os unen ao resto da comunidade educativa poden utilizar calquera dos dous idiomas, pero hai unha clara tendencia a que sexan en castelán.

DOE

En canto ao Departamento de Orientación Educativa, tamén semella que a documentación e as súas xuntanzas transcorren principalmente en castelán, tendo o galego unha presenza bastante escasa.

PAS

O Persoal de Administración e Servizos manifesta un bo dominio da lingua galega nos seus diferentes rexistros, e ten que elaborar unha boa parte de documentación oficial nesa lingua, e faino con destreza, pero recoñecen que teñen máis pericia no uso do castelán e que esta lingua está moito máis presente no seu desempeño profesional e na súa relación coas familias e alumnado.

CONCLUSIÓNS XERAIS

As respostas de ámbitos tan variados que estamos vendo pertencen a unhas 550 persoas dunha comunidade educativa dunhas 1.200, polo tanto podería representar case un 45% de incidencia, e cremos que pode considerarse representativa. Hai alumnado de idades que van dos 3 aos 17 anos, profesorado das diferentes etapas, unha boa mostra de familias e algún outro persoal non docente.

Pensamos que a conclusión clara é que, non atopando malas actitudes de cara ao galego (en xeral), aínda estamos moi lonxe de considerarnos nunha situación ideal, e moitos esforzos e éxitos dependen en grande parte do voluntarismo e vontade dunha parte do profesorado que é moi leal á lingua galega e que fai esforzos case sobrehumanos para que a súa cota de presenza non baixe.

Certo é que hai algúns indicadores que nos cualifican como pioneiros entre os centros similares a este, como os 37 anos de existencia da revista escolar en galego, ou os 16 anos do programa de radio semanal en galego, e tantas outras actividades desenvolvidas con tanto éxito nos últimos anos, pero iso non debe facernos pensar que xa está todo feito. Pola contra, semella que aínda está case todo por facer.

Á vista dos resultados da menor competencia comunicativa que amosa o alumnado na nosa lingua propia, vemos a necesidade de reforzar cunha maior carga horaria lectiva a materia de Lingua Galega, sobre todo nos primeiros cursos da ESO, para así fortalecer o seu uso e a eliminación dos prexuízos que se teñan sobre ela. Para iso, aproveitáronse horas de libre disposición do centro para o traballo da mellora da competencia comunicativa nas dúas linguas cooficiais, en igualdade de condicións, mentres non se poida engadir algunha hora máis.

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

ANEXO II
ACTIVIDADES NORMALIZADORAS DO EDLG

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro, constituído por profesores do centro, ten programadas as seguintes actividades para o curso 2026/2027:

- **Instagram @linguaparaamar.** Conta nesta rede social para visualizar as actividades do EDLG.
- **Elaboración do Proxecto de Actividades e Accións Dinamizadoras en Lingua Galega.** Recompilación do conxunto de actividades e accións dinamizadoras para este curso e que tamén servirá de base para solicitar a comezos do próximo ano 2027 as axudas para fomento do uso do galego no centro.
- **Colaboración na Addenda ao Plan Lingüístico de Centro.** Contribución do EDLG ao Plan Lingüístico do Centro coa información sobre a distribución horaria de materias impartidas en lingua galega e coa relación de actividades normalizadoras para fomento do uso do galego no centro.
- **Revista CROA.** O tema central da publicación para este curso vincularase co do Proxecto Común de Centro. Manterase a estrutura de contidos de anos anteriores e proporanse as posibles entrevistas a facer segundo o tema do Proxecto, ademais de incluír as realizadas ao profesorado de nova incorporación no centro e ao que se xubila. As portadas serán realizadas polo alumnado de 4ºESO na materia de Plástica.
- **Programa de radio "A Fume de Carozo".** Este ano seguiremos con programas que tratarán sobre Orientación Académica e Profesional para Bacharelato. O alumnado de 1ºBacharelato elaborará na materia de Lingua Galega durante o primeiro trimestre guións con temáticas de interese para o alumnado.
- **Canle de música en YouTube "Ghastas pista?"** Púxose en marcha hai tres anos e seguiranse a subir vídeos. Convidarase ao alumnado a participar na súa difusión.
- **Web do colexio.** Revisarase a versión en galego e actualizaranse os contidos correspondentes ao EDLG.
- **Premio Irmán Reboiras.** Pensarase se vale a pena presentar algunha actividade.
- **Xornada de NL de Escolas Católicas.** Na convocatoria destas Xornadas existe unha certa tendencia de facelas coincidir coa Festividade de Calasanz. Agardarase ata coñecer a data concreta de realización e as temáticas que se van tratar para solicitar ou non a nosa participación nela.
- **Samaín.** Ofertarase a actividade a Infantil e Primaria. A exposición de cabazas realizarase do 26 ao 30 de outubro. Comunicarase a actividade entre o 12 e 13 de outubro. A temática poderá estar vinculada ao Proxecto Común. No caso de que esa temática non sexa atractiva, poderase pensar na eclipse solar do pasado 12 de agosto. Na ESO e no Bacharelato farase algunha actividade relacionada co tema semellante á proposta do curso pasado.

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

- **Apalpador.** Continuarase coa elaboración de presentacións para despois achegar a figura deste personaxe ao alumnado máis pequeno. Proporanse presentacións para Infantil por parte do alumnado de Bacharelato, e para 1º-2º-3º de Primaria por parte do alumnado da ESO.
- **Día de Rosalía.** Celebrarase o maratón de lectura o venres 19 de febreiro. Intentarase implicar a outros centros concertados da cidade e solicitarase poder realizalo de novo no local da A.C. Alexandre Bóveda. Presentarase a actividade o 1 de febreiro e darase de prazo para inscrición ata o venres 12 de febreiro. En Infantil e Primaria pensarase en facer algo en relación a esta data, como un programa de radio (martes 23 de febreiro) por parte do alumnado de Primaria e gravar poemas recitados polo alumnado de Infantil. Cumprirá lembrarse de ofrecer ao servizo de comedor os manteis para o Caldo de Gloria do día 23 de febreiro.
- **Concurso Cultural.** Celebrarase o venres 23 de abril. Para poder realizalo, se o número de grupos é moi elevado, habilitarase o vestíbulo. O prazo de inscrición será do 12 ao 16 de abril.
- **Letras Galegas 2027:**
    - **Dicionario Visual.** Miraranse as opcións de palabras que hai coa letra Q. De haberen poucas, xuntarase esa letra ao final co Z. Ao alumnado de Bacharelato ofreceráselle esta actividade no mes de marzo ou abril.
    - **Foliada.** Continuarase a facer o xoves 13 ou venres 14 de maio (segundo sexa este último non lectivo ou non).
    - **Posto de chapas.** Durante os recreos de ESO/Bacharelato colocarase un posto de chapas como agasallo desta efeméride como homenaxe ao autor ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2027.
    - **Maratón de lectura.** O venres 14 de maio ou xoves 13 de maio (se finalmente non é lectivo o 14) farase un maratón de lectura do libro "Memorias dun neno labrego" de Xosé Neira Vilas no salón de actos do colexio. Estableceranse horarios para distribuír o alumnado das diferentes etapas.
    - **Maios.** Presentarase unha proposta para recuperar esta festividade na tarde do 13 ou 14 de maio entre o alumnado de Infantil e Primaria. Falarase co Departamento de Acción Social para que o grupo Mozos Solidarios poida colaborar. Solicitarase que na materia de Tecnoloxía de 1º e 2ºESO constrúan as estruturas de madeira. Pescudarase como realizar a colocación das flores nesas estruturas.
- Animación á participación en certames literarios, culturais, fotográficos, etc.
- Asistencia a representacións teatrais e musicais en galego.
- Solicitude de visita ao centro de escritores en lingua galega.
- Proposta de participación na elaboración de proxectos interdisciplinares entre as diferentes linguas impartidas no centro.

ANEXO III

CURRICULUM INTEGRADO DAS LINGUAS

I.- INTRODUCIÓN

O currículo integrado das linguas (CIL) propón un achegamento xeral ás linguas do currículo. As linguas presentes nun centro escolar serán traballadas a través de accións educativas coordinadas, logrando unha aprendizaxe máis eficaz. Ao aprendermos unha lingua, utilízanse determinadas estratexias lingüísticas e de aprendizaxe que son aplicables e deben ser transferidas a todas as linguas.

Os bloques de contido esenciais (expresados como destrezas lingüísticas): falar, escoitar, ler, escribir e dialogar introduciranse de forma consensuada, para que a súa integración e progresión sexan máis efectivas. As linguas curriculares han de avanzar da man, se ben en niveis diferentes sempre encabezados polas linguas maternas, pero cos mesmos obxectivos, similar metodoloxía e iguais contidos graduados ao longo das diferentes etapas.

Este esquema dun currículo integrado fomenta o desenvolvemento de habilidades nas linguas do centro ao longo da educación, promo vendo a competencia comunicativa e o coñecemento literario en cada idioma, ofrecendo a opción de explorar culturas e perspectivas a través do estudo das distintas linguas.

Educación Infantil (3-5 anos)

Linguaxe Oral e Comunicación:

- Desenvolvemento da linguaxe oral en castelán e galego a través de contos, cancións e xogos.
- Introdución de palabras e frases básicas en inglés mediante actividades lúdicas.

Educación Primaria (6-12 anos)

Lingua Castelá / Lingua Galega

- Desenvolvemento de habilidades de lectura e escritura en castelán e galego.
- Comprensión de textos literarios en castelán e galego.
- Achegamento ás figuras e épocas clave da literatura galega e castelá.

Lingua Estranxeira – Inglés:

- Inglés desde EP como lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de habilidades de comunicación oral e escrita en inglés.
- Lectura de textos en inglés e comprensión auditiva.

Educación Secundaria Obrigatoria (12-16 anos)

Lingua Castelá e Literatura / Lingua Galega e Literatura:

- Afondamento na literatura en castelán e galego.
- Escritura creativa e argumentativa en galego e castelán.
- Desenvolvemento de habilidades de lectura e escritura en castelán e galego.

Lingua Estranxeira – Inglés:

- Continuación do estudo do inglés con énfase na gramática e na conversación.
- Lectura e análise de textos relacionados con figuras e obras literarias en inglés.
- Afondamento en aspectos socioculturais de países de fala inglesa.
- Comprensións auditivas.

Lingua Estranxeira – Francés:

- Introdución ao estudo do francés como lingua estranxeira.
- Desenvolvemento de habilidades de comunicación oral e escrita en francés.
- Lectura de textos en francés e comprensión auditiva.
- Lectura e análise de textos relacionados con obras e figuras literarias en francés.
- Achegamento á cultura e sociedade dos países francófonos.

Lingua Latina (só itinerario humanístico en 4ºESO):

- Introdución ao estudo da lingua latina: morfosintaxe, tradución e retroversión.
- Achegamento á historia e cultura romana.
- Lectura de textos da cultura grecolatina.
- Desenvolvemento de habilidades de comunicación oral e escrita en latín, como referente das outras linguas do currículo.

Bacharelato (16-18 anos)

Lingua Castelá e Literatura / Lingua Galega e Literatura:

- Preparación das probas da PAU.
- Estudo en profundidade da lingua e literatura española e galega.
- Análise de textos complexos e literarios en castelán e galego.

Primera Lingua Estranxeira – Inglés:

- Preparación das probas da PAU.
- Preparación para exames de nivel de inglés.
- Lectura e análise de textos relacionados con figuras e obras literarias en inglés.
- Afondamento en aspectos socioculturais de países de fala inglesa.

Segunda Lingua Estranxeira – Francés:

- Preparación das probas da PAU.
- Preparación para exames de nivel de francés.
- Estudo da literatura e cultura francófona.
- Afondamento na cultura e sociedade dos países francófonos.

Latín (só no itinerario humanístico de 1ºBacharelato):

- Comezo da preparación das probas da PAU.
- Afondamento na lingua latina: morfosintaxe, análise, tradución e retroversión.
- Estudo da historia e cultura romana.
- Lectura de textos da cultura latina.

CURRICULUM INTEGRADO DAS LINGUAS 2026-2027

ETAPA CURSO	PRODUCIÓN TEXTOS	COMPRENSIÓN TEXTOS	EXPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN CULTURAL	ORTOGRAFÍA / LÉXICO	GRAMÁTICA
EDUCACIÓN INFANTIL						
			• Contos. • Inglés: Comprensión global de instrucións, cancións e contos.	• Achegamento ás festas tradicionais e días propios: Samaín, Entroido, Letras Galegas e Día de Rosalía. • Inglés: Festividades e tradicións do mundo anglófono.	Vocabulario básico.	
EDUCACIÓN PRIMARIA						
1º	• Texto narrativo (1-3 liñas). • Inglés: Palabras e frases simples.	• Textos narrativos (5-10 liñas). • Inglés: Comprensión de instrucións e textos moi breves.	Garantir unha actividade de expresión oral en cada avaliación con complexidade gradual.	Inglés: Festividades e tradicións do mundo anglófono.	• Uso das maiúsculas. • Punto final de oración. • Números (1-10), días da semana, meses, saúdos básicos e cores. • Inglés: Vocabularios diversos (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto de inglés).	Inglés: Pronomes persoais, verbo TO BE.
2º	• Texto narrativo (3-5 liñas). • Inglés: Palabras e frases simples.	• Textos narrativos (10-15 liñas). • Inglés: Comprensión de instrucións e textos moi breves.		Inglés: Festividades e tradicións do mundo anglófono.	• Ortografía correcta do Z, K, G. • Escritura correcta de palabras con BR, BL, MP, MB. • Números (11-20), partes básicas do corpo e estacións do ano.	Inglés: HAVE GOT, THERE IS/THERE ARE, LIKE, CAN, Present Simple and Prepositions of place.

					• Inglés: Vocabularios diversos (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto de inglés).	
3º	• Descricións (5-8 liñas). • Inglés: Descricións curtas.	• Textos (15-20 liñas). • Inglés: Textos narrativos e descritivos breves.		Inglés: Festividades e tradicións do mundo anglófono.	• Signos de puntuación (puntos e coma nas enumeracións), diérese, separación de sílabas e separación de sílabas ao rematar unha liña. • Números (21-40), partes do corpo específicas e animais. • Inglés: Vocabularios diversos (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto de inglés).	• Morfoloxía: recoñecemento de substantivos, adxectivos e verbos. • Inglés: Present Simple e o verbo CAN. As preposicións de lugar.
4º	• Contos (9-15 liñas). • Inglés: Pequenos textos informativos e descritivos.	• Textos (20-30 liñas). • Inglés: Textos multimodais de dificultade gradual.		Inglés: Festividades e tradicións do mundo anglófono.	• Recoñecemento da sílaba tónica e átona. • Clasificación das palabras en agudas, graves e esdrúxulas. • Ortografía de verbos específicos. • Uso do B/V. • Números (41-60), comida, partes da casa e roupa. • Inglés: Vocabularios diversos (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto de inglés).	• Morfoloxía: recoñecemento de substantivos, adxectivos, verbos e artigos. • Inglés: Present Continuous, Present Simple vs Present Continuous, Comparatives, SOME/ANY. A estrutura THERE IS/ THERE ARE en afirmativo e interrogativo.

5º	Textos multimodais (15-20 liñas).	Textos multimodais (30-40 liñas).		• Xéneros literarios (distinción dos distintos tipos de textos). • Inglés: Festividades e tradicións do mundo anglófono.	• Regras ortográficas básicas (acentuación básica). • Números (61-80), tempo atmosférico, actividades diarias e de lecer, deportes. • Inglés: Vocabularios diversos (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto de inglés).	• Morfoloxía: recoñecemento de determinantes (artigos e as súas contraccións), pronomes e verbos. • Inglés: Past Simple, comparatives and superlatives.
6º	Textos multimodais (+20 liñas).	Textos multimodais (+40 liñas).		• Xéneros literarios (distinción dos distintos tipos de textos e na poesía recoñecemento de recursos literarios). • Inglés: Festividades e tradicións do mundo anglófono.	• Regras ortográficas básicas (acentuación, incluídos ditongos e hiatos). • Números (81-100) e repaso xeral de vocabulario. • Inglés: Vocabularios diversos (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto de inglés).	• Morfoloxía: recoñecemento de verbos, determinantes (demostrativos, indefinidos, posesivos e numerais), adverbios, preposicións e conxuncións. • Inglés: Future form: a estrutura BE GOING TO para expresar plans ou intencións. Modal verbs.
ESO						
1º	Textos narrativos e descritivos.	Lectura comprensiva de textos de dificultade gradual.	Garantir unha actividade de expresión oral en cada avaliación.	• Xéneros literarios e figuras literarias. • Comentario de texto literario. • Sociolingüística: cuestións básicas.	• Campos semánticos. • Familias léxicas. • Sinónimos-antónimos. • Vocabularios diversos da vida	• Morfoloxía básica: tipos de palabras e formación. • Sintaxe: sintagmas e funcións sintácticas básicas.

				• Festividades, literatura e cultura do mundo anglófono e francófono.	cotiá (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto).	• Francés: Présent de l'indicatif, l'impératif. • Inglés: Present, Past and Future; pronomes, determinantes e interrogativas.
2º	Textos narrativos, descritivos, xornalísticos e correspondencia.					• Morfoloxía básica: tipos de palabras e formación. • Sintaxe: complementos, sintagmas e clasificación de oracións. • Francés: Futur simple. • Inglés: Present Perfect, past continous and first conditional.
3º	Textos narrativos, descritivos e argumentativos.			• Castelán e Galego: Historia da literatura desde a Idade Media ata o século XIX. • Cuestións de sociolingüística. • Festividades, literatura e cultura do mundo anglófono e francófono.	• Cuestións de lexicoloxía e semántica. • Vocabularios diversos (adaptación ás propostas didácticas dos libros de texto).	• Morfoloxía. • Sintaxe: análise e clasificación de oracións simple. • Francés: Imparfait et passé composé. • Inglés: Conditionals, Passive Voice.

4º	Textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e xornalísticos.			• Castelán e Galego: Historia da literatura dos séculos XX e XXI. • Latín: Historia e cultura romana. • Cuestións de sociolingüística. • Festividades, literatura e cultura do mundo anglófono e francófono.		• Morfoloxía. • Sintaxe: análise e clasificación de oracións simples e compostas. • Francés: Conditionnel, l'hypothèse(I), l'accord au passé composé. • Inglés: Relative Clauses, Reported Speech.
BACHARELATO						
1º	Textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, xornalísticos e literarios.	Lectura comprensiva de textos de dificultade gradual.	Contido non avaliable para a PAU.	• Castelán e Galego: Historia da literatura desde a Idade Media ata o século XIX. • Latín: Historia e cultura romana. • Cuestións de análise de sociolingüística.	• Repaso de ortografía. • Cuestións de lexicoloxía e semántica.	• Morfoloxía e sintaxe. • Inglés: Consolidación dos tempos verbais, condicionais, pasiva, reported speech, transformations e conectores. • Francés: L'hypothèse (II), style direct et indirect, la voix passive.
2º				• Castelán e Galego: Historia da literatura desde o século XX. • Latín: Literatura romana. • Cuestións de análise de sociolingüística.		• Morfoloxía e sintaxe completas. • Inglés: Consolidación dos tempos verbais, condicionais, pasiva, reported speech,

						transformations e conectores. • Francés: L'hypothèse (III), l'expression de la cause, la conséquence et la concession.

En Primaria os contidos son continuos, traballarase sempre o do curso anterior, sendo unha aprendizaxe progresiva e adaptada ao nivel do alumnado.

En ESO e Bacharelato os contidos son continuos, agás os literarios.

ANEXO IV
FOMENTO DA LECTURA
EN EDUCACIÓN PRIMARIA E NA ESO

En base á nova lei (LOMLOE), "a lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave", indicando na norma que, "co fin de fomentar o hábito e dominio da lectura, así como a comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura nos termos recollidos na súa concreción curricular", consideramos de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos en formato papel.

Co obxectivo de fomentar o hábito e o dominio da lectura, e seguindo o artigo 16, pasamos a elaborar dentro do fomento da lectura unha estratexia que garanta o cumprimento da norma. Por isto, o Grupo de Traballo de Linguas propón:

EDUCACIÓN PRIMARIA

Na Etapa de Educación Primaria, o plan de acción a seguir en relación ao fomento da lectura é como se indica a continuación:

- En toda a Educación Primaria o alumnado terá asignados 30 minutos de lectura diaria que se verán reflectidos, segundo marca a normativa, no seu horario semanal.

- 1º/2º EP:
  - Ademais, teñen tres libros de lectura en castelán e tres en galego (cada clase merca un e intercámbiano en cada trimestre, de maneira que todo o alumnado destes niveis le tres libros en castelán e tres libros en galego ao longo do curso).

- 3º/4º EP:
  - A isto hai que engadir o seguinte:
    - 3ºEP: Cada alumno/a trae un libro de lectura a clase e intercámbiao con outro compañeiro. Teñen unha semana para ler ese libro antes de devolvelo e volver a intercambialo de novo. Lectura obrigatoria de media hora diaria e un libro por trimestre.
    - 4ºEP: Cada alumno/a ten en clase un libro de lectura que trae de casa e, ao rematar as tarefas, ou cando o profesor/a o considera oportuno, dedica un tempo a lelo. Lectura obrigatoria de media hora diaria e un libro por trimestre.

- 5º/6º EP:
  - Ademais, este alumnado emprega a plataforma Ta-tum para escoller os

libros que quere ler e obrigatoriamente deben ler un por trimestre.

ESO

Na etapa de ESO, o obxectivo que nos marcamos como centro e o plan de acción a levar con respecto ao fomento da lectura é o seguinte:

- Garantir un tempo de lectura de 15 minutos semanais en cada materia. Só conseguiremos darlle importancia se todas as materias contribuímos dando tempo a esa lectura.

- Será importante que en cada aula exista unha pequena biblioteca. Para que isto sexa posible, cómpre garantir que en todas as aulas, pavillón incluído, exista esa pequena biblioteca de aula con libros e recursos.

Ademais de todo o indicado anteriormente, o centro elaborará o PLEA (Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información), que contará cos seguintes obxectivos para potenciar a lectura e a escritura en todas as etapas como base e fundamento da aprendizaxe:

1. Sistematizar a práctica diaria de lectura en todos os niveis do centro para consolidar o hábito lector.
2. Implementar estratexias de comprensión lectora en todas as áreas do currículo para mellorar a capacidade do alumnado para realizar inferencias, interpretar e valorar criticamente os textos.
3. Consolidar a produción de textos escritos en múltiples soportes, reforzando así outras áreas de desenvolvemento como a creatividade.
4. Aplicar estratexias de planificación, redacción e revisión de textos, para mellorar a coherencia, cohesión e organización das producións escritas.
5. Establecer mecanismos de avaliación para impulsar a competencia lectora, escritora e informacional do alumnado e orientar a toma de decisións.

ANEXO V
DISTRIBUCIÓN HORARIA DE MATERIAS EN LINGUA GALEGA

EDUCACIÓN INFANTIL

Nesta etapa pregúntase en cada curso pola lingua materna do alumnado matriculado en 4º de E. Infantil, dato que se recolle cada ano no Plan Lingüístico de centro.

Realizada a pregunta, o profesorado da etapa usará na aula a lingua predominante entre o alumnado, pero sempre se terá en conta a lingua do contorno e se procurará que o alumnado adquira competencias na outra lingua oficial de Galicia. Atenderase de forma individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna. (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Artigo 5º)

Para que o alumnado adquira o coñecemento do galego, propóñense unha serie de actividades e celebracións, nas que a lingua vehicular sexa o galego, que son as seguintes:

- Lectura de, polo menos, tres títulos literarios en galego e desenvolvemento de actividades relacionadas. Na práctica, son moitas máis lecturas en galego as que se incorporan, pois en moitas ocasións apórtanas as familias, teñen relación con algún proxecto a desenvolver, etc.

- Conmemoracións vinculadas coa tradición: Samaín, Magosto, O Apalpador, Día de Rosalía de Castro, Semana das Letras Galegas, Maios, etc.

- Padriños de lectura: tempos de lectura para o alumnado de 5º e 6º de EI no que o alumnos de 1ºESO achegaranse ás aulas como "padriños de lectura", sendo eles os que exerzan como contacontos de lecturas infantís en galego (actividade promovida polo DAS).

EDUCACIÓN PRIMARIA

	Lingua Galega	Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Relixión	Proxecto Competencial
1ºEP	4 h.	3 h.	2 h.	1 h.	
2ºEP	4 h.	2 h.	3 h.	1 h.	1 h.
3ºEP	4 h.	3 h.	2 h.	1 h.	
4ºEP	4 h.	2 h.	3 h.	1 h.	1 h.
5ºEP	4 h.	3 h.	2 h.	1 h.	
6ºEP	4 h.	2 h.	2 h.	1 h.	

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

ESO

- 1ºESO:

Lingua Galega	Xeografía-Historia	Bioloxía-Xeoloxía	Relixión	E. Física
4 h.	3 h.	3 h.	1 h.	2 h.

- 2ºESO:

Lingua Galega	Xeografía-Historia	Relixión	Tecnoloxía e Dixitalización	E. Física
3 h.	3 h.	1 h.	3 h.	2 h.

- 3ºESO:

Lingua Galega e Literatura	Xeografía-Historia	Bioloxía-Xeoloxía	Relixión	E. Física
3 h.	3 h.	2 h.	1 h.	2 h.

- 4ºESO:

Lingua Galega e Literatura	Xeografía-Historia	Bioloxía-Xeoloxía	Latín	Dixitalización	E. Física
3 h.	3 h.	3 h.	3 h.	3 h.	2 h.

BACHARELATO

- 1ºBACHARELATO:

Lingua Galega e Literatura	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	Historia do Mundo Contemporáneo	Latín	TICs
3 h.	4 h.	4 h.	4 h.	4 h.

- 2ºBACHARELATO:

Lingua Galega e Literatura	Historia de España	Historia da Arte	Bioloxía	Química	Física	TICs
3 h.	3 h.	4 h.	4 h.	4 h.	4 h.	4 h.

Estrada dos Fortes nº 10. 15011 A Coruña
Tel.: 981 25 36 84 | Fax: 981 25 40 29
www.escolapiosacoruna.es
CENTRO PRIVADO CONCERTADO

ANEXO VI
PROGRAMA BEDA (Bilingual English Development & Assessment)

O noso centro pertence ao PROGRAMA BEDA -e BEDA KIDS en Educación Infantil- coa fin de ofrecer un plan de mellora continua no ensino do inglés, en coherencia coa calidade do resto de ensinanzas e do Proxecto Educativo e valores do noso colexio.

Así, búscase implementar e optimizar a ensinanza do inglés de maneira gradual, con formación específica do profesorado e ofrecendo ao colexio a posibilidade de ser un centro examinador para que todos os membros da comunidade educativa poidan acceder ás probas de CAMBRIDGE ESOL.

AUXILIARES DE CONVERSACIÓN

Como un dos instrumentos para desenvolver o Plan de Mellora continua do inglés do centro, contamos con dous auxiliares de conversación para traballar en todas as etapas educativas.

Os auxiliares son, sen ningunha dúbida, un enorme e eficaz apoio para o profesorado de inglés e co seu traballo preténdense acadar os seguintes obxectivos:

- Comunicarse en inglés en todas as situacións do ámbito educativo.
- Ser apoio lingüístico do profesorado.
- Reforzar as destrezas orais do alumnado.
- Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical do inglés.
- Realizar prácticas de conversación en contexto.
- Colaborar cos docentes na planificación de actividades e creación de materiais didácticos.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura dos países anglófonos.
- Naturalizar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.